



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 26 de decembro de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDESA-PRESIDENTA EN FUNCIÓNS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

D. ALBERTO VARELA PAZ
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 26 de decembro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18/12/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/5817

Vista a proposta do Enxeñeiro Xefe de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar a renovación do mantemento e actualización diaria de 220 licenzas do antivirus corporativo municipal Kaspersky para o ano 2018 á Empresa **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, S.L.**, por un importe de 3.000,07€ (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5818

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rebeca Tobio Ferreirós, en representación de **Nipocar Galicia, S.L.** solicitando autorización para exposición de dous vehículos na vía pública, os días 27, 28 e 29 de decembro (27 e 29 na Praza de Galicia e 28 en Praza Ravella). Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada.

PRP2017/5819

Dáse conta de escrito da **Mesa da Cámara do Senado**, solicitando remisión, por parte do Concello de expedientes ou actas de acordos nos que se acorde iniciar os trámites para dar



cumprimento á Lei de Memoria Histórica e retirar os símbolos franquistas existentes no municipio.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o Pleno o día 31 de marzo de 2016 aprobou, por maioría, unha moción do grupo político municipal de EU, na que se dispuxo tomar as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas da exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da guerra civil e da represión da Dictadura.

PRP2017/5820

Dáse conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Zona Aberta para a campaña de reparto de cabicheiros, polo que o Concello se compromete ao aboamento do importe do 50% da factura de Ramos & Torres, Promociones y Regalos polo subministro de cabicheiros, e Zona Aberta o 50% restante, ascendendo o custe total ao importe de 1.288,66 € (IVE engadido).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o mesmo.

PRP2017/5821

Dáse conta da sinatura do contrato entre **Club de Remo Vilaxoán** e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o patrocinio de divulgación de imaxe promoción institucional do Concello mediante a inserción de publicidade na indumentaria e/ou material deportivo da citada entidade, durante o ano 2017, cunha aportación do Concello de 2.000,00 € con cargo á partida 926.22641.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade ó citado contrato.

PRP2017/5822

Dáse conta da sinatura do contrato entre **Club Deportivo Vilagarcía Tenis de Mesa** e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o patrocinio de divulgación de imaxe promoción institucional do Concello mediante a inserción de publicidade na indumentaria e/ou material deportivo da citada entidade, durante o ano 2017, cunha aportación do Concello de 2.000,00 € con cargo á partida 926.22641.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade ó citado contrato.

PRP2017/5823

Dáse conta da sinatura do contrato entre **Agrupación Deportiva Cortegada** e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o patrocinio de divulgación de imaxe promoción institucional do Concello mediante a inserción de publicidade na indumentaria e/ou material deportivo da citada entidade, durante o ano 2017, cunha aportación do Concello de 2.000,00 € con cargo á partida 926.22641.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade ó citado contrato.

PRP2017/5835

Vista a solicitude de **Dona Luz Dari Hurtado Rodríguez**, titular do establecemento denominado "Café Bar D'PASO", situado en Avda. Doutor Tourón 4-baixo, así como os informes incorporados ao expediente emitido pola Responsable das Licenzas de Actividades,



a Xunta de Goberno Local **informa favorablemente a ampliación de horario de peche as noites do 24 ao 25 de decembro, e do 31 de decembro ao 1 de xaneiro (de 03 a 04 horas)**, tendo en conta o tipo de licenza municipal de apertura coa que conta o local.

PRP2017/5879

Vista a solicitude de **SINORDEM, S.L.**, titular do establecemento denominado “LOFT”, situado en Avda. Mariña nº 34-baixo, así como os informes incorporados ao expediente emitido pola Responsable das Licenzas de Actividades, a Xunta de Goberno Local **informa favorablemente a ampliación de horario de peche as noites do 24 ao 25 de decembro, do 31 de decembro ao 1 de xaneiro e do 5 ao 6 de xaneiro de 2018 (de 06 a 07 horas)**, tendo en conta o tipo de licenza municipal de apertura coa que conta o local.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Emprego

PRP2017/5838

Dáse conta de Resolución da Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia de renovación de aula de referencia á aula CEMIT do Concello para o ano 2018, e a aprobación dunha subvención, por importe de 15.000 €, condicionando o seu pagamento ao cumprimento do especificado no anexo II da resolución.

Así mesmo sinalar que AMTEGA financiará, a través da FEGAMP, as actuacións que en materia de inclusión realicen os Concellos con aulas de referencia.

Dáse conta da addenda VI, ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento do plan de inclusión dixital no eido da Administración Local, que modifica a cláusula VI do convenio de colaboración, referente á dotación orzamentaria e establece a vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/5839

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á contratación de traballadores por conta allea 2017, presentada por **ATENEA S.C.**

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/5840

Dáse conta de publicación no DOG de 20 de decembro de 2017, da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de 22 de novembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións



bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convoca para o ano 2018.

Vista a proposta da Directora da Biblioteca, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención para:

Programa A: Subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico.

Programa B: Subvención para mellora de coleccións bibliográficas.

PRP2017/5841

Dáse conta de informe da Concellería de Educación en relación coa actividade realizada de “Videoconferencia de Papá Noel” , dirixida a nenos/as do Concello e que se desenvolveu grazas á colaboración de distintos empregados municipais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda agradecer a todos/os que colaboraron a súa participación para realizar a actividade.

Acórdase así mesmo aprobar o orzamento presentado por Cortinova para o subministro de material para a realización de cortinas, por un importe total de 51,00 €, con cargo á partida 320.22199.

PRP2017/5842

Dáse conta das solicitudes tramitadas ao abeiro das **BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á EDUCACIÓN INFANTIL PARA FAMILIAS CON ALUMNOS MATRICULADOS EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS E ESCOLAS INFANTÍS AUTORIZADAS DE VILAGARCÍA DE AROUSA, CURSO 2017/2018** ,

Visto o informe do Departamento de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e o recoñecemento de obriga das seguintes axudas, nun total de 233, e un importe de 60 € para cada unha, polo que suman un importe de 13.980 €, con cargo ás partidas 231.480.03 por un importe máximo de 7.500 €, e con cargo á partida 320.480.03, or un importe máximo de 6.480,00 €._____

PRP2017/5843

Vista a proposta da Concellería de Educación, en relación coas axudas solicitadas polas ANPAS dentro do Plan Madruga, a Xunta de Goberno Local acorda:

A adxudicación do gasto e o recoñecemento de obriga a favor das seguintes entidades e polos importes que se indican, con cargo á partida 320.48003, para o período setembro a decembro, previa xustificación do gasto realizado:

ANPA AREALONGA	340,00 €
ANPA VAGALUME	340,00 €
ANPA DR. FLEMING (ANEXO A LOMBA)	340,00 €
ANPA A LOMBA	340,00 €
ANPA DE RUBIANS	340,00 €
ANPA O PIÑEIRIÑO	340,00 €
ANPA ROSALÍA DE CASTRO	340,00 €
TOTAL	2.380,00 €



ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2017/5855

Dáse conta da acta do sorteo de adxudicación de 30 prazas do Campamento Urbano de Nadal de A Escardía, realizado o pasado día 15 de decembro de 2017, no Salón de Plenos da Casa do Concello, achegando listado de adxudicatarios/as e suplentes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade á mesma.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2017/5847

Pola Xunta de Goberno Local acordouse a aprobación da realización dunha acción formativa denominada “Xestión de Comunidades de Montes”, destinado a persoas integrantes das Xuntas Reitoras das Comunidades de Montes de Vilagarcía de Arousa.

Aberto o prazo de inscrición, so se anotaron sete persoas, polo que o citado curso non se celebrou.

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda a anulación do gasto inicialmente autorizado.

PRP2017/5849

Dáse conta da solicitude de axuda, dentro do programa de “Axudas Municipais a proxectos de actuacións preventivas destinadas á prevención e defensa contra incendios dos montes 2017”, presentada pola **Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Trabanca Sardiñeira**.

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Laborais e o informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión dunha axuda, por importe de 8.879,46 € á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Trabanca Sardiñeira e o recoñecemento de obriga da mesma, con cargo á partida 170.489.

PRP2017/5850

Dáse conta da solicitude de axuda, dentro do programa de “Axudas Municipais a proxectos de actuacións preventivas destinadas á prevención e defensa contra incendios dos montes 2017”, presentada pola **Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Rubiáns**.

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Laborais e o informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión dunha axuda, por importe de 10.071,16 € á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Rubiáns e o recoñecemento de obriga da mesma, con cargo á partida 170.489.

PRP2017/5851

Dáse conta da solicitude de axuda, dentro do programa de “Axudas Municipais a proxectos de actuacións preventivas destinadas á prevención e defensa contra incendios dos montes 2017”, presentada pola **Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cea**.

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Laborais e o informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión dunha axuda, por importe de 10.869,09 € á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cea e o recoñecemento de obriga da mesma, con cargo á partida 170.489.



PRP2017/5852

Dáse conta da solicitude de axuda, dentro do programa de “Axudas Municipais a proxectos de actuacións preventivas destinadas á prevención e defensa contra incendios dos montes 2017”, presentada pola **Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Sobrán**.

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Laborais e o informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión dunha axuda, por importe de 2.544,12 € á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Sobrán e o recoñecemento de obriga da mesma, con cargo á partida 170.489.

PRP2017/5853

Dáse conta da solicitude de axuda, dentro do programa de “Axudas Municipais a proxectos de actuacións preventivas destinadas á prevención e defensa contra incendios dos montes 2017”, presentada pola **Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Trabanca Badiña**.

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Laborais e o informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión dunha axuda, por importe de 16.087,29 € á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Trabanca Badiña e o recoñecemento de obriga da mesma, con cargo á partida 170.489.

PRP2017/5854

Dáse conta da solicitude de axuda, dentro do programa de “Axudas Municipais a proxectos de actuacións preventivas destinadas á prevención e defensa contra incendios dos montes 2017”, presentada pola **Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Guillán**.

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Laborais e o informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión dunha axuda, por importe de 2.872,26 € á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Guillán e o recoñecemento de obriga da mesma, con cargo á partida 170.489.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/5856

Vista a proposta da Concelleira Delegada da Área de Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o adianto dos tickets de Bono Bus municipal de xaneiro e febreiro de 2018, a fin de que os/as usuarios/as poidan beneficiarse da tarxeta monedeiro mentras se realizan os trámites correspondentes ao presente ano.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/5857

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de novembro de 2017, de aprobación da conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro da Resolución do 12 de maio de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, para a realización da actuación denominada “Combate Naval”, figurando no mesmo:

“**Primeiro:** O importe total da subvención destinouse á finalidade para a que foi concedida.

“**Segundo:** Os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo concello, imputables á actuación subvencionada, son os seguintes:



ACREEDOR	NºFRA.	CONCEPTO	IMPORTE	DATA	DATA PAGAMENTO
PIROTECNIA PENIDE, S.L.	55	Bombas Combate Naval	35.695,00€	28/08/2017	04/09/2017

“

E debendo figurar:

“**Primeiro:** O importe total da subvención destinouse á finalidade para a que foi concedida.

Segundo: Que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas para a finalidade subvencionada.

Terceiro: Que se lle deu difusión á subvención obtida facendo constar a colaboración da Deputación (achégase copia da publicación na páxina web do Concello).

Cuarto: Os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo concello, imputables á actuación subvencionada, son os seguintes:

ACREEDOR	NºFRA.	CONCEPTO	IMPORTE	DATA	DATA PAGAMENTO
PIROTECNIA PENIDE, S.L.	55	Bombas Combate Naval	35.695,00€	28/08/2017	04/09/2017

“

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2017/5858

Vista a solicitude de Dona Olalla Bouzas Cores, en representación de **Dona M^a Jesús Ferreira Castaño (Escola de Música Coda)**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 24, 25, 26, 27 e 28 de xanerio de 2018 durante todo o día, con motivo da representación do Espectáculo SHER O MUSICAL, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

A Venda de entradas será a través da canle TICKETEA, e comunícaselle que será a cargo do solicitante o gasto bancario ou de correos correspondente ao ingreso de recadación de venda de entradas en taquilla.

. *O prezo das entradas será de 17 € (venda anticipada) e de 18 € (venda taquilla) e a recadación da súa venda para a entidade organizadora*

PRP2017/5859

Visto o escrito presentado por D. Angel Vilas Fernández, como Vicepresidente da **Federación Galega e Secretario do Club Xadrez de Fontecarmoa**, solicitando autorización para utilizar o Auditorio Municipal con motivo da celebración do Campionato Provincial de Xadrez, os días 19, 20 e 21 de xaneiro de 2018, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase:

Autorizar a utilización do taller, Sala de Conferencias e zonas ocupables do corredor, debendo deixar libres as saídas de emerxencia.

Comunicarlle que deberán poñerse en contacto co Técnico Auxiliar de Cultura para comprobar a dispoñibilidade da Sala de Exposicións.



Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión de mesas e cadeiras.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2017/5860

Vista a solicitude de D. Lucas López Pérez, como Director Xeral de **Radio Ecça, Fundación Canaria**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario do Auditorio Municipal nas datas solicitadas, en horario de 9:00 a 14:00 horas, para a celebración de cursos formativos de apoio á inclusión sociolaboral dirixidos a usuarios/as da Estratexia para Inclusión Social de Galicia 2014-2020, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

- Decembro de 2017: días 1, 11, 13, 15 e 20.
- Xaneiro de 2018: Días 8, 10, 12, 15, 17, 19, 22, 24, 26, 29 e 31.
- Febreiro de 2018: Días 2, 5, 9, 16, 19, 21, 23, 26 e 28
- Marzo de 2018: Días 2, 5, 7, 9, 12, 14, 16, 19, 21 e 23
- Abril de 2018: Días 4, 6, 9, 11, 13, 16, 18, 20, 23, 25, 27 e 30.
- Maio de 2018: Días 2, 4, 7, 8, 9, 10, 11, 14, 15, 16, 18, 21, 23 e 24.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/5861

Dáse conta de Resolución do **Instituto Enerxético de Galicia**, de data 11 de decembro de 2017, pola que se acorda o pagamento ao Concello de Vilagarcía de Arousa do importe de 2.942,72 €, en concepto de pagamento final da subvención concedida para o proxecto **INSTALACIÓN DE ESTUFA DE AIRE BIOMASA NA CASA DA CULTURA DE GALÁNS**. (proxecto 2 nº 03/59/2017)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/5862

Dáse conta de Resolución do **Instituto Enerxético de Galicia**, de data 11 de decembro de 2017, pola que se acorda o pagamento ao Concello de Vilagarcía de Arousa do importe de 2.671,68 €, en concepto de pagamento final da subvención concedida para o proxecto **INSTALACIÓN DE ESTUFA DE AIRE BIOMASA NA CASA DA CULTURA DE FAXILDE**. (proxecto 2 nº 02/59/2017)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/5863

Dáse conta de Resolución do **Instituto Enerxético de Galicia**, de data 11 de decembro de 2017, pola que se acorda o pagamento ao Concello de Vilagarcía de Arousa do importe de



2.942,72 €, en concepto de pagamento final da subvención concedida para o proxecto **INSTALACIÓN DE ESTUFA DE AIRE BIOMASA NA CASA DA CULTURA DE FONTECARMOA.** (proxecto 2 nº 01/59/2017)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/5864

A Xunta de Goberno Local acorda:

RIMEIRO: Adxudicar o contrato baseado para a mediación dos riscos e seguros do Concello de Vilagarcía de Arousa á única adxudicataria do lote 1 do Acordo Marco para a prestación do servizo de mediación de riscos e seguros pola Central de Contratación da FEMP, WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con suxeición ás condicións previstas no antecedente noveno que se reproducen a continuación así como ó disposto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no Prego de Prescricións Técnicas.

O contrato baseado que se propón adxudicar, axustarase ás seguintes condicións:

Oferta económica realizada ó lote nº 1: Comisión dun 7% sobre a prima neta.

Valor estimado do contrato: **19.574,58 €**, desagregado do seguinte xeito:

Anualidade	Importe €
2018	9.787,29 €
2019	9.787,29 €

Duración: 2 anos improrrogables.

Revisión de prezos: Non

Garantías: Non se esixirán garantías adicionais ás xa prestadas polo adxudicatario con ocasión da adxudicación e formalización do Acordo Marco, xa que a mesma, de acordo co disposto na cláusula novena do Acordo Marco, tamén responderá dos incumprimentos dos contratos basados.

O contrato baseado no Acordo Marco entenderase perfeccionado ó ser notificada a adxudicación ó contratista por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Dita notificación realizarase mediante a aplicación informática que ó efecto se dispoña por parte da Central de Contratación da FEMP da favor das entidades locais adheridas.

O Concello deberá incluír na plataforma da FEMP toda a información referente á tramitación do contrato baseado, que como mínimo conterá, a resolución de adxudicación e o contrato formalizado.

SEGUNDO: Notificar á adxudicataria, a través da plataforma informática da Central de Contratación, publicar o acordo de adxudicación no perfil do contratante do Concello de Vilagarcía de Arousa e formalizar o contrato, incorporando o mesmo á plataforma informática da Central de Contratación da FEMP.

PRP2017/5876

Tramítase neste Concello a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e documentalmente simplificada, para adxudicar o contrato denominado Rev. 1 "Mellora dos camiños rurais; rúa da Coviña e rúa do Casal (Vilagarcía de Arousa)" cofinanciado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural –AGADER (Consellería do Medio Rural-Xunta de Galicia) no marco do Plan de Melloras de Camiños Rurais 201-2018, cun orzamento de licitación de 57.537,07 € (IVE engadido)

Unha vez presentadas as ofertas e efectuada a rolda de negociación do contrato prevista nos pregos que rexen a licitación as ofertas definitivas das empresas presentadas a licitación foron as seguintes:

LICITADOR	Oferta IVE excluído
------------------	----------------------------



NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	31.098,55 €
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONTRUCCIONES, S.A.	40.418,60 €
CONTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.	31.093,80 €
CONTRUCCIONES VALE, S.A.	32.748,58 €
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	26.918,79 €
ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	35.030,90 €
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONTRUCC. DE AROSA	25.009,01 €

Emitidos os informes técnicos correspondentes, aplicados os criterios de adxudicación establecidos nos pregos que rexen a licitación, a clasificación das ofertas por orde decrecente de puntuación é a seguinte:

Licitador	Puntos
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONTRUCC. DE AROSA	100,00
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	91,53
CONTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.	73,01
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	72,99
CONTRUCCIONES VALE, S.A.	65,67
ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	55,54
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONTRUCCIONES, S.A.	31,64

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda a adopción dos seguintes acordos:

1.- Adxudicar as obras incluídas no proxecto denominada Rev1 “Mellora dos camiños rurais; rúa da Coviña e rúa do Casal (Vilagarcía de Arousa)”, á empresa **Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. (B36533537)**, por un importe de 25.009,01€ ao que lle corresponde un IVE (21%) de 5.251,89 € o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 30.260,90 €.

2.- Nomear director de obra ao enxeñeiro técnico industrial ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.